

Expediente	2025080259
Asunto	Solicitud de acceso a información pública
Trámite	Resolución presidencial de desestimación da solicitude

O deputado delegado de Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

Que ***** presentou unha solicitude de acceso a información pública, con CSV: *****, co seguinte alcance: "*Solicito como administrador de ***** todas las denuncias que hizo ***** a la ***** ya que estamos denunciados ante juzgado de Cambados y nos dan un plazo de 20 días para presentar pruebas. Solicito informe conforme ella ya nos denunció en Diputación y Valedor do Pobo y este lo trasladó a la Diputación*".

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG) no seu artigo 12 establece que todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, recoñecendo así a titularidade do dereito de acceso a "todas as persoas" en termos similares aos expresados no citado artigo 105.b) da CE, que recoñece a "os cidadáns" o acceso aos arquivos e rexistros administrativos.

Pola súa banda, a información pública, é definida no artigo 13 da mesma norma, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións". Por tanto, a Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque a elaborou este ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas.

Recibida a solicitude, a Unidade Responsable de Transparencia procedeu á análise da información accesible a través do xestor corporativo de expedientes desta Deputación, constatándose que non consta en poder desta Administración ningún documento nin expediente relacionado coa información solicitada.

De conformidade co disposto no artigo 18.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, cando a información solicitada non obre en poder do órgano ao que se dirixe a solicitude, pero se coñeza a autoridade que a



posúe, esta deberá remitirse ao órgano competente ou indicar á persoa solicitante o órgano ou entidade ante o que pode exercer o seu dereito de acceso.

Neste sentido, a Deputación Provincial de Pontevedra carece de competencias en materia de control, inspección ou sanción de actividades comerciais, competencias que corresponden ao ámbito municipal, de acordo co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Non sendo posible a remisión directa da solicitude por non constar nin poder confirmarse a existencia das denuncias ás que se fai referencia, procede informar á persoa solicitante de que o órgano que previsiblemente podería dispoñer da información solicitada sería o concello do municipio no que radica a ***** por ser a administración competente en materia de disciplina e inspección das actividades comerciais.

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia desta Deputación, e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº2025008021, do 3 outubro de 2025, de delegación das atribucións da Presidencia,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de acceso a información pública presentada por ***
***** ao non existir a información obxecto de solicitude de acceso.

SEGUNDO.- Informar ao solicitante de que, de acordo co artigo 18.2 da Lei 19/2013, poderá dirixirse ao concello do termo municipal onde se atopa ***** que é a Administración que ostenta a competencia en materia de control e inspección de actividades comerciais e onde, no seu caso, podería obrar a información solicitada.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

*Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Comisión de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.
Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.*

